

Curs 2025/2026

DEXCURSIÓN

POR FERROL, LUME E ORTEGAL



A viaxe fóra da aula, unha experiencia que non se esquece

A revista **DeExcursión** chega de novo coa volta ao cole. Cada setembro envíase a todos os centros educativos da provincia da Coruña, e dos concellos da Mariña Lucense, cun feixe de propostas para facer saídas polas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.

Temos unha enorme variedade de destinos, ben sexa para explorar a natureza ou para aprender a cuberto, nos moitos museos destas tres comarcas. Entra por primeira vez nesta publicación a ruta do modernismo, unha proposta para achegarnos á paisaxe urbana máis próxima e reflexionar sobre a importancia da arquitectura na vida cotiá. Segue en primeira liña de actualidade o novo Centro de Interpretación dos Muíños Industriais de Xuvia (CIMIX), en Narón, un espazo que está a consolidar diferentes obradoiros e visitas especificamente creadas para grupos escolares. Son só dúas das nosas moitas suxestións para viaxar polos concellos de Ferrol, Narón, Neda, Fene, As Pontes, Monfero, San Sadurniño, Moeche e Cedeira, ou para coñecer o parque natural das Fragas do Eume e o Xeoparque Cabo Ortegal.

Cómpre recordar que **DeExcursión** vai dirixida a todos os niveis educativos, desde Infantil a Bacharelato ou Formación Profesional. Unha viaxe é sempre unha experiencia e o que se aprende in vivo e in directo deixa unha pegada máis fonda, un recordo que moitas veces é para sempre. **DeExcursión** quere espertar o amor polo máis próximo, o coñecemento “km0”, nun mundo no que as novas tecnoloxías poñen máis preto o que sucede ao outro lado do mundo que o que temos na porta da casa. E achegar os nosos recursos á xente miúda permite tamén levalos aos fogares e potenciar o turismo familiar.

Animádevos, temos moito que descubrir! Ims DeExcursión!

pin@ta
COMUNICACIÓN



SUMARIO

CAMIÑO INGLÉS

Ferrol	4
Narón	5
Neda	6
Fene	7

FERROL

Ruta da Construción Naval	8
Museo da Construción Naval e Museo Naval	9
Baterías de costa e praias	10
Castelo de San Felipe	12
As Meninas de Canido	14
Modernismo	15
Parque Raíña Sofía e Museo da Sociedade Galega de Historia Natural	16
O arqueódromo	17
Proxecto Esmelle / Museo Pérez Porto	18

NARÓN

Centro de Interpretación dos Muíños Industriais de Xuvia	20 e 21
--	---------

NEDA

Natureza, miradoiro e paseo marítimo	22
A ruta dos muíños e a ferverza do Belelle	23

FENE

Museo do Humor Xaquín Marín	24
Arte urbano	25

AS PONTES

Casco vello	27
Natureza	28
Centro de Interpretación A Mina e Centro Expositivo da Maquinaria Mineira	29
Casa do Mel	30
Museo Etnográfico	31

MONFERO

Mosteiro de Santa María de Monfero	32
--	----

CAAVEIRO E FRAGAS DO EUME 34 e 35

XEOPARQUE CABO ORTEGAL 36 e 37

SAN SADURNIÑO

O espazo da Cortiña	38 e 39
Ocio e patrimonio	40

MOECHE

O castelo	41
Área recreativa Souto Grande	42

CEDEIRA

A vila	43
Vida mariñeira	44
Unha viaxe pola historia	45
Aventura	46

TELÉFONOS DE INTERESE 47





Arquitectura e industria na Primeira Milla do Camiño FERROL



- Primeira milla do Camiño Inglés:
ferrolguias.com/portfolio/primera-milla-del-camino-ingles/
- Información: Oficina de Turismo. Vía Compostellam Ferrol. Teléfono: 981 944 252
ferrolturismo@ferrol.es | visitferrol.com/ruta-de-camino-ingles/

Ferrol 0 km
A Coruña 56 km
Viveiro 91 km
Santiago 99 km

Oficina de Turismo
Vía Compostellam Ferrol
Paseo da Mariña, s/n

O Camiño Inglés goza cada ano de maior prestixio e interese. O número de peregrinos que elixen Ferrol como punto de partida para iniciar o percorrido non para de medrar. Chegan de moitos países, algúns tan distantes como Taiwán o Papúa Nueva Guinea. E é que a ruta xacobeá, ao seu paso polos municipios da comarca, ten moito que ofrecer. Tanto aos visitantes como aos da "casa", porque desde o coñecemento do máis próximo e local, entenderemos mellor o mundo que nos rodea.

Unha saída polo treito ferrolán permite aos escolares viaxar pola evolución da cidade naval, desde o mariñeiro Ferrol Vello, para continuar polo trazado ilustrado da Magdalena e polos barrios de orixe obreira de Esteiro e Caranza. Xa só na Primeira Milla do Camiño Inglés, desde o Porto de Curuxeiras -punto de inicio do Camiño- e a Igrexa das Angustias, máis dunha vintena de puntos dan boa conta da importancia arquitectónica e patrimonial.

Atopamos así edificios modernistas como o Chalet de Antón ou a Casa Rodríguez Trigo, obra de Ucha; a igrexa castreña de San Francisco; a Fonte de San Roque; o edificio do Casino Ferrolano; ou o Antigo Goberno Militar, un dos edificios máis antigos da cidade e actualmente sede da Fundación Abanca.



O percorrido pola Primeira Milla do Camiño Inglés permite apreciar máis dunha vintena de puntos de interese que poñen en valor a importancia patrimonial e arquitectónica da cidade naval.

O percorrido segue avanzando de xeito paralelo ás instalacións militares navais e do estaleiro de Navantia para adentrarnos en Caranza. Na súa acoledora praia poñemos punto e final á nosa andaina.





Cen quilómetros para completar a ruta xacobeana

NARÓN



- Mosteiro San Martiño de Xuvia (Mosteiro do Couto): turismo.naron.gal/es/conoce-naron/que-visitar/espacios-naturales/monasterio-de-o-couto
- Camiño Inglés: turismo.naron.gal/es/conoce-naron/que-visitar/espacios-naturales/camino-ingles-santiago-de-compostela
- Paseo marítimo de Xuvia: turismo.naron.gal/es/conoce-naron/que-visitar/espacios-naturales/paseo-maritimo-de-xuvia
- Magnolio centenario de Xuvia: turismo.naron.gal/es/conoce-naron/que-visitar/espacios-naturales/magnolio-centenario-de-xuvia
- Máis información: turismo.naron.gal | turismo@naron.gal | Teléfono 981 33 77 00 (Ext. 1502)

Ferrol 6 km
A Coruña 46 km
Viveiro 80 km
Santiago 87 km

Entre as moitas razóns que xustifican unha saída escolar polo treito naronés do Camiño Inglés, hai unha que ten especial valor simbólico: o fito de pedra que marca os 100 quilómetros que faltan a Compostela, distancia mínima esixida no itinerario a pé para poder acadar a credencial.

O sinal está situado no paseo marítimo de Xuvia, unha agradable e ampla zona de lecer que supón o tramo final da ruta xacobeana en territorio naronés. O percorrido xacobeo por este municipio comeza, porén, uns quilómetros atrás, no polígono industrial da Gándara. Un paseo que avanza paralelo á enseada do mesmo nome vainos conducindo ata o que será o noso próximo punto de interese nesta ruta: o Mosteiro de San Martiño de Xuvia, coñecido tamén como mosteiro do Couto. Testemuña histórica do paso dos camiñantes cara a Compostela ao longo da historia, está declarado BIC baixo a categoría de Monumento Histórico Artístico.




O paseo marítimo de Xuvia ten unha ampla zona de xogos moi atractiva para os nenos e nenas que inclúe -cando chega o bo tempo- un parque de auga.

Por diante nos quedarán aínda varios puntos de interese. Un deles, o muíño das Aceas, formou parte da importante rede de moenda industrial francesa no século XVIII. O de Xuvia, pola súa banda, que a comezos do século XIX se transformou na principal acea do país en capacidade de produción, alberga na actualidade o Centro de Interpretación dos Muíños Industriais de Xuvia (ver páxinas 20 e 21). Xusto antes de chegar a este interesante recurso, no final do paseo marítimo atoparemos unha árbore con moita sona: o magnolio centenario que forma parte do Catálogo de Árbores Senlleiras de Galicia.





Peregrinación por unha acolledora e “Real” vila NEDA



- Máis información: www.caminoingles.gal/es/concello-de-neda
- Albergue de Peregrinos: www.caminodesantiago.gal/es/recurso/-/recurso/280380558/

Ferrol 9 km
A Coruña 49 km
Viveiro 79 km
Santiago 92 km

Protección Civil de
Neda: 981 380 039

O concello de Neda dá a benvida aos peregrinos tras cruzar a Ponte de Xuvia. O percorrido do Camiño Inglés por este municipio, que desde hai máis de vinte anos conta co seu propio albergue, resulta unha experiencia moi axeitada para una saída escolar tanto pola accesibilidade do treito como polos seus atractivos recursos. Nos primeiros metros da ruta atopámonos coa escultura dedicada ao pan, produto estrela da vila. O paseo lévanos, logo dun tramo pola estrada xeral, ata a igrexa de Santa María e o parque situado ao seu carón, desde o que, a través dunha pasarela, atravesamos o río Beelle para adentrarnos no casco histórico.

A rúa Real, a continuación, convértese nun escenario perfecto para viaxar ao pasado e imaxinar a actividade no antigo hospital do Espírito Santo que, fundado en 1500, acollía aos peregrinos que se desprazaban a Compostela. A el pertencía a Torre do Reloxo, que hoxe en día loce en todo o seu esplendor como un dos elementos máis representativos da vila. De igual

xeito, os característicos soportais que se suceden ao longo da vía imprimen carácter e achegan a postal máis pintoresca do conxunto histórico dun municipio que desde 1311 é Real Vila.

Alfonso XI concedeu a Neda a distinción de Real Vila no 1344 polo papel do veciño Alonso Escudero ao mando dun barco construído no municipio na reconquista de Alxeciras.



Ao final da rúa, desvíámonos uns metros do itinerario para achegarnos ata a igrexa de San Nicolás, en cuxo adro atopamos un dos cruceiros máis antigos de Galicia e, desde hai uns anos, tamén unha curiosa escultura coa figura dun peregrino tallada sobre o tronco dunha árbore. Na parte final do Camiño Inglés por Neda, poderemos gozar das marabillosas vistas desde o lugar da Silva.





Fermosas vistas do patrimonio industrial e natural

FENE



- Camiño de Santiago: www.caminoingles.gal/es/concello-de-fene
- Máis información:
Concellería de Turismo: Praza do Alcalde Ramón José Souto González, s/n. Fene
Teléfono: 981 49 27 07
E-mail: turismo@fene.gal

Ferrol 6 km
A Coruña 46 km
Viveiro 80 km
Santiago 87 km

O Camiño Inglés adéntrase no concello de Fene no lugar de Conces de Arriba, desde onde emprendemos unha ruta que, nos seus primeiros compases, brinda ao camiñante unha fermosa estampa do Fene naval, sector ao que está fortemente vinculado o municipio.

Baixo o paraugas da factoría Astano (actualmente Navantia Fene), que chegou a ser un dos principais estaleiros a nivel mundial, tivo lugar o crecemento dunha poboación local testemuña anos máis tarde da reconversión do sector.

A emblemática grúa pórtico da factoría fenesa, visible desde diferentes localizacións ao longo do camiño, convértese nun dos elementos máis simbólicos dun treito no que a zona urbana, na que nos atopamos con interesantes recursos como o Museo do Humor de Fene (páxina 24) ou o Parque Castelao, abre paso a unha máis rural que nos somerxe no Fene máis pausado e natural.

O percorrido polo treito fenés do Camiño Inglés permitirá aos escolares compartir unha xornada tranquila na que gozar de fermosas panorámicas da ría ferrolá e, de paso, achegarse á importancia da industria naval na vila.



A Fonte do Camiño, o Banco Peregrino e o Lavadoiro de Mundín van recibindo ao camiñante nun percorrido que continúa ata o polígono Vilar do Colo ao longo do cal podemos divisar o enorme guindastre da factoría naval. Unha vila cuxa visita permitirá aos escolares, entre outras moitas cousas, enchouparse da historia dun pobo acolledor e cheo de vida no que o camiñar pode ir acompañado dunha auténtica lección de historia, dun pasado e un presente vinculado á industria naval e ás xentes do mar.





O papel da construción naval na historia marítima FERROL



- Inscricións e máis información en: ferrolguias.com/#visitas-ferrol-grupos
- Facebook: www.facebook.com/larutadelaconstruccionnaval/?locale=es_ES
- Instagram: @ruta_naval_ferrol

Ferrol 0 Km
A Coruña 50 Km
Viveiro 87 Km
Santiago 93 Km

Nesta páxina da revista DeExcursión convidámosvos a unha singular travesía. Non será por mar, pero o mar será o protagonista. Porque foi arredor da súa condición de vila marítima como Ferrol iniciaría, na época da Ilustración, o seu crecemento e despegue como unha das cidades máis importantes da nosa comunidade.



A Ruta da Construción Naval permite adentrarse en espazos fundamentais da historia da construción naval ferrolá nas épocas de vacacións; porén resérvanse ao longo de todo o ano visitas para grupos escolares.

O seu privilexiado porto natural foi elixido como o lugar perfecto para crear os estaleiros reais e o gran arsenal da Armada. O óptimo estado de conservación da meirande parte dos elementos deste patrimonio industrial e militar


vinculado á esplendorosa época da Ilustración fai que a Ruta da Construción Naval constitúa unha potente e atractiva ferramenta para achegar os escolares ao pasado e presente da urbe ferrolá.

A proposta inclúe a visita a espazos como o Arsenal, en cuxo interior está o Dique da Campá, considerada a mellor obra hidráulica do século XIX, así como por outro dos emblemas industriais da cidade, o estaleiro Navantia, referente mundial no deseño e construción de buques e con importantes fitos ao longo de súa historia, así como polo Cuartel de Dolores, o máis antigo de España; ou o Pazo de Capitanía.

A ruta propón outros puntos de interese e moi significativos no devir da construción naval ferrolá, como o Museo Naval e o Museo da Construción Naval; o Castelo de San Felipe; ou a Sociedade Galega de Historia Natural, dos que vos falamos noutras páxinas desta revista.



8





A cidade e o mar a través de dous museos

FERROL



- **Horario Museo Naval:**
Martes a venres de 9:30 a 13:30
Teléfono: 981 336 027
Acceso libre
- **Horario Museo da Construción Naval:**
Tempada alta: Lu-Ve 10:00-19:00, Sá. 10:00-20:00 e Do. 10:00-14:30
Tempada media: Ma-Sá 10:00-19:00, Do. 10:30-14:30
Tempada baixa: Ma-Sá 10:00-14:30 e 15:30-19:00; Sá. 10:00-19:00 e Do. 10:30-14:30
Teléfono: 981 359 682 | exponav@exponav.org
Reservas para grupos: Cun mínimo de 72 horas de antelación. A visita é gratuíta para estudantes.

Ferrol 0 km
A Coruña 50 km
Viveiro 87 km
Santiago 93 km

Ambos museos:
Avda. Irmandiños s/n
Ferrol

A cidade de Ferrol está tan ligada ao mar que o seu pasado, o seu presente e o seu futuro non se entenden sen el. Polo tanto, para coñecela ben é imprescindible afondar neste vínculo e a maneira máis doada de facelo é a través da visita a dous museos que, situados en dous edificios enfrontados dentro do antigo Arsenal, explican esa íntima relación.



Sabías que os mascaróns de proa tiñan outra función ademais da decorativa? Como a maioría da poboación era analfabeta servían para identificar as embarcacións, e ademais se consideraba que protexían á tripulación e ao propio barco nas travesías. Nos dous museos hai varios mascaróns de proa con motivos animais e figuras humanas ou mitolóxicas.

Por unha banda temos o Museo Naval, que se centra na historia da Armada, e por outra o Museo da Construción Naval, que percorre a evolución deste sector desde a carpintería de ribeira ata os modernos estaleiros.

As sedes son, nos dous casos, inmobles militares históricos: a antiga prisión de San Campio no Museo Naval, e as vellas

ferrerías da Armada no da Construción Naval. Conservan a fisionomía propia do estilo neoclásico academicista do século XVIII e albergan importantes coleccións que se poden coñecer a través das visitas guiadas, gratúitas para grupos escolares.

O Museo Naval conta con máis de 2.600 pezas entre as que atopamos a mellor exposición de áncoras do mundo, bandeiras, uniformes, armamento e tecnoloxía militar, reproducións de barcos -entre eles o que facía a ruta comercial do Galeón de Manila- e recreacións de como eran as cocinas ou as enfermarias dos buques tres séculos atrás.

O Museo da Construción Naval é o máis importante de Europa destinado a este sector e a súa peza máis destacada son os restos da fragata Magdalena, que aínda que naufragou fronte ás costas de Viveiro no 1810 non foron recuperados ata mediados dos anos 70 do século pasado. A recreación dunha antiga fragua, as impresionantes maquetas -entre elas da propia fragata Magdalena e do buque Juan Sebastián Elcano-, as salas dedicadas aos faros e sinais marítimas, á reprodución dun barco do XVIII, a antiga Astano ou ao Arsenal Ilustrado son parte do atractivo deste museo que, ademais, organiza obradoiros para estudantes de todas as idades.





Defendendo unha costa de manifesta beleza natural

FERROL



- Máis información sobre as baterías de costa:
www.observersciencetourism.com/es/destino/baterias-militares-de-ferrol-a-coruna
- Consellos:
A mellor forma de coñecer as baterías é paseando entre as súas ruínas polo que se recomenda levar calzado cómodo e extremar as precaucións naquelas zonas con maiores riscos polo estado das construcións.

Ferrol 8 Km
A Coruña 60 Km
Viveiro 95 Km
Santiago 103 Km

A decisión real, no século XVIII, de instalar o Arsenal en Ferrol incrementou as necesidades defensivas da zona. Desenvolveuse así un plan de protección da costa que incluía a construción de baterías colaterais para asistir ao tridente defensivo formado ata entón polos castelos de San Felipe, A Palma e San Martín (estas últimas na outra banda da ría). As fortificacións espalláronse ao longo duns trinta quilómetros, desde a emblemática fortaleza ata o Cabo Prior.



Aínda que para se desprazar entre as baterías é preciso un vehículo, desde San Felipe pódese chegar a pé ata as de Cariño e San Cristóbal.

A través das súas ruínas podemos achegarnos hoxe en día ao importante cometido defensivo desenvolvido

por un sistema pensado para salvaguardar a zona dos ataques inimigos. Non todas presentan o mesmo estado de conservación e tampouco se pode chegar ata elas coa mesma facilidade, mais a mellor forma de coñecelas é paseando entre os seus restos, tomando todas as precaucións e deixando voar a imaxinación. Entre as máis accesibles figuran as de Doniños, Prioriño Chico, Punta das Viñas, Cariño, San Cristobó e San Carlos. Nas máis modernas, Prioriño, Prior e Monte Ventoso, deben extremarse as precaucións.

Todas comparten, iso si, privilexiadas localizacións, dominadas por extraordinarias paisaxes naturais e fermosas praias, como a de Doniños ou San Xurxo, con bandeira azul (como tamén teñen as de Esmelle e A Fragata, en Covas) que se poden converter no complemento perfecto para unha saída escolar que sirva para poñer en valor o sistema defensivo formado polas baterías de costa.





Alimentos Dixital é a plataforma educativa de Gadis

que ofrece ao profesorado e alumnado unha experiencia que afonda en aspectos relacionados coa sostibilidade, os hábitos saudables e o consumo responsable. A través de vídeos, explicacións e fichas interactivas, permite coñecer o percorrido que fan os alimentos desde o mar ou o campo ata chegar as nosas casas. Este programa complétase con visitas guiadas aos nosos supermercados, onde o persoal educativo reforza os contidos a través da interacción real cunha experiencia de compra responsable e saudable.

A lonxa, a agricultura, a gandería, os almacéns, a chegada a tenda, a froitaría, a peixaría, os lineais, a caixa, a chegada a casa, a xestión dos refugallos, son algunhas das unidades didácticas que

compoñen Alimentos Dixital, todas elas adaptadas ao currículo oficial de Galicia e Castela e León, para educación infantil e primaria.

A participación en Alimentos Dixital é moi doada. Soamente terás que rexistrar a túa clase na plataforma e ir realizando co teu alumnado as diferentes unidades didácticas. Cada unha delas conta con vídeos e fichas interactivas, adaptadas ao nivel de cada curso. Ademais contas con material adicional para completar os contidos, que poden ser traballados na aula ou na casa.

Completar as unidades de Alimentos Dixital ten premio, xa que o alumnado recibe o **Prato Alimentos**. Unha ferramenta educativa baseada no prato de Harvard que serve para aprender a distribuír as proporcións de alimentos saudables en cada comida.

No curso pasado máis de **26.000 nenos e nenas** de Galicia e Castela e León realizaron o programa Alimentos Dixital e **máis de 15.500** visitaron os supermercados Gadis. Se queres **participar co teu alumnado durante o curso 2025-2026** tan só é necesario ir ao seguinte enderezo web e apuntar ao teu centro. Unha vez se inicie o programa contactaremos contigo.





Percorrido polo gardián de pedra da ría ferrolá FERROL



- **Horario:** Inverno.- de 10.00 a 18.00h. Verán (ata o 15 de setembro): 10.00-14.00h e 16.00- 20.00h.
- **Acceso libre e gratuito. Espazo de aparcamento.**
- **Pódese reservar unha visita guiada en ferrolguias.com**
- **Hai un servizo de lancha da empresa Fernández Cabana en temporadas de vacacións. Consultar en info@fernandezcabana.es ou no teléfono 677 438 621.**
- **Visita o XEMELGO DIXITAL do castelo en: my.matterport.com/show/?m=sgxnvzyFf4c**
- **Descarga o folleto en: visitferrol.com/wp-content/uploads/2022/10/tripticos-San-Felipe-CAST.pdf**

Ferrol 8 Km
A Coruña 60 Km
Viveiro 95 Km
Santiago 103 Km

No Castelo de San Felipe as pedras non falan, pero si agochan historias que nos permiten viaxar ao pasado para nos converter, por uns instantes, en soldados cunha importante misión: protexer e salvagardar a ría de Ferrol dos ataques dos inimigos.



A recreación tridimensional do Xemelgo Dixital permite non só percorrer a fortificación en primeira persoa, senón tamén observar desde todos os ángulos un modelo do castelo con todos os seus puntos de interese fotografados en 360 grados.

Os antecedentes da fortificación remóntanse ao século XVI, mais desta primitiva construción tan só se conservan as partes que quedarían integradas na reforma acometida posteriormente, no século XVIII, que deu á infraestrutura

a forma actual, considerándose exemplo de “batería abaluartada”: con baterías de canóns dirixidos ao mar e cun sistema de baluartes para protexerse das ofensivas por terra.

O Castelo de San Felipe tería así un importante papel en agosto de 1800 no ataque das tropas inglesas á cidade naval, que se resolveu coa vitoria local na que se deu en chamar a Batalla de Brión. Un combate que se rememora todos os anos e ao que ademais se lle dedica un espazo propio no interior da emblemática fortificación, na que convive con diferentes exposicións temporais. As mostras permanentes que tamén se poden ver na rehabilitada torre da batería baixa complementan unha visita que, sen dúbida, resultará moi enriquecedora, amena e mesmo divertida para os escolares.

Na actualidade é tamén posible visitar a fortaleza de xeito virtual, a través do Xemelgo Dixital do castelo.



GRANXA do SOUTO

granja y centro de actividades ecuestres



— VISITAS ESCOLARES —



EQUITACIÓN, NATURALEZA Y ANIMALES EN UN LUGAR INCREÍBLE

- UN DÍA: Visita de día a la granja
- VARIOS DÍAS: Dormir en nuestra granja hípica con tu clase, disfrutando de la experiencia completa
- SEMANALMENTE: Tenemos grupos de equitación como actividad extraescolar para colegios y también para personas adultas



Comedor



Parque



Parking



Pista cubierta



Ascos



Albergue

GRANXADOSOUTO.ES

INFO@GRANXADOSOUTO.ES

654.576.360 - 619.420.792

Ponte Mera- Ortigueira



As Meninas de Canido, pioneiras do muralismo FERROL



- Reservas e máis información:
meninasdecanido2008@gmail.com | www.facebook.com/meninasdecanido
- Folleto informativo con mapa de ruta:
visitferrol.com/wp-content/uploads/2022/04/FOLLETO-MENINAS.-OP2.pdf

Ferrol 0 Km
A Coruña 54 km
Viveiro 89 km
Santiago 97 km

Canido é un barrio singular, entre outras cousas, polas obras de arte que decoran as súas fachadas. Aquí se celebra cada ano un festival de arte urbana para reunir a diferentes artistas que embelecen as edificacións coas súas obras cheas de cor e orixinalidade.

Esta iniciativa partiu do pintor Eduardo Hermida, quen comezou a intervir nos espazos abandonados e en proceso de deterioro do barrio a causa da crise económica co obxectivo de combater a tristeza na que estaban sumidos. Para iso, inspirouse en Las Meninas de Diego Velázquez, reinterpretándoas de forma libre e moderna. A el sumáronse moitos máis artistas, dando comezo ao que hoxe coñecemos como un dos principais recursos turísticos da cidade de Ferrol.


O festival das Meninas ten lugar durante os primeiros días do mes de setembro e logrou que Canido conte con máis de cincocentas obras, que decoran as súas rúas, contribuíndo á revalorización do barrio mediante a arte.

Coas Meninas, a zona converteuse nun referente do muralismo, un movemento artístico e cultural que consiste na creación de pinturas a gran escala sobre muros e paredes, que comunican diferentes mensaxes con propósito social, político ou cultural.



En Ferrol, Eduardo Hermida conta co seu estudo MDC, definido como espazo de intervención cultural, aberto ao público e onde realiza diferentes talleres.

As Meninas de Canido foron recoñecidas como Itinerario Impresionista de Street Art polo Consello de Europa e pódense visitar en calquera momento do ano, co propio Hermida como guía, reservando con antelación. O percorrido das obras está disposto nunha ruta onde descubrir as diferentes creacións de arte e achegarse a coñecer a historia do proxecto paseando polas rúas do barrio.





Descubriendo a pegada do “Gaudí galego” FERROL



- Mapa interactivo: visitferrol.com/wp-content/uploads/2021/09/RutaUchaFerrol_dixital_web.pdf
- Unidade didáctica sobre o modernismo en Ferrol “O legado de Rodolfo Ucha”: acortar.link/unidadeUcha
- Os grupos poden tamén realizar unha visita guiada coa empresa Ferrol Guías: contactar no teléfono 696 531 070 ou a través do mail info@ferrolguias.com

Ferrol 28 Km
A Coruña 68 Km
Viveiro 70 Km
Santiago 111 Km

Oficinas de Turismo
en Paseo da Mariña e
Praza de España
Tlf: 981 944 252
981 994 251

Ferrol está unido a través da súa arquitectura a cidades como Viena ou París e a artistas como Gaudí, Gustav Klimt ou Alphonse Mucha. A cidade forma parte do circuíto europeo do modernismo grazas á figura de Rodolfo Ucha, arquitecto municipal nos primeiros 40 anos do século XX e responsable da introdución nesta esquina noroeste do movemento artístico que triunfaba daquela noutros puntos do continente. A idea era sumar funcionalidade e beleza nas construcións, preocuparse da decoración dos edificios por fóra e por dentro.

O barrio da Magdalena ten 28 edificios de Rodolfo Ucha nos que é posible descubrir as características do tamén coñecido como Art Nouveau. Deles, 17 pertencen propiamente á etapa modernista, de 1909 a 1916, e outros 11 corresponden ao Neo-Eclecticismo, de 1918 a 1927. O que para moitos é coñecido como o “Gaudí galego” exerceu no Concello e tamén no eido privado, polo que é responsable de edificios públicos como a Peixería e tamén de inmobles encargados

por particulares como por exemplo a emblemática “Casa Romero”.




E falando de arquitectura, por que non reflexionar tamén sobre o urbanismo ferrolán? Que outro movemento cultural é responsable do deseño do barrio da Magdalena como unha tableta de chocolate?

A arquitectura modernista é un fantástico gancho para coñecer a cidade de Ferrol, a puxante burguesía que impulsou aquelas innovadoras construcións, a integración de elementos tradicionais como as galerías coas novas correntes... O Concello promove a ruta turística do modernismo a través de folletos e un mapa interactivo no que están sinaladas as edificacións de Ucha nas dúas etapas. Existe tamén unha unidade didáctica na que se propoñen actividades para facer na aula.





Entre pavos reais, xogos de auga e historia natural FERROL



- O parque Raíña Sofía está aberto todo o día.
- Consultar o horario de Aquaciencia no 981 944 221.
- O Museo da Sociedade Galega de Historia Natural abre de martes a sábado de 10.00 a 13.30 y de 17:00 a 20:30 h; domingos e festivos de 10:30 a 14:00 h; e os luns está pechado. Entrada libre. Pódense concertar visitas guiadas en museo@sghn.org
- Parque: visitferrol.com/parque-reina-sofia • Museo: sghn.org/sghn/museo

Ferrol 0 Km
A Coruña 57 Km
Viveiro 91 Km
Santiago 99 Km

Parque Raíña Sofía:
Rúa Pintor Imeldo Corral s/n
Tel.: 981 94 42 21

Museo SGHN:
Praza de Canido s/n
Tel.: 981 931 315/698 141 384

Sacar as aulas á rúa pode ser unha excelente ferramenta didáctica para conectar aos escolares co contorno máis próximo. Ferrol conta con recursos de gran interese desde o punto de vista pedagóxico como poden ser o Parque Raíña Sofía, no que se localiza o xardín temático sobre a auga Aquaciencia, ou o Museo Galego de Historia Natural.



O Museo da Sociedade Galega de Historia Natural ten unha impresionante colección de fósiles e ósos de mamíferos e aves.

Comezamos o noso percorrido polo primeiro dos espazos, situado entre os barrios da Magdalena e Ferrol Vello, que antes de ser parque urbano foi un antigo horto de frades. Hoxe, outra clase de “inquilinos” roldan acotío por esta área verde do centro ferrolán. Trátase dos pavos reais, convertidos xa en iconas do lugar e que alí viven e crían

en liberdade. O Parque Raíña Sofía acubilla tamén no seu interior un interesante recurso educativo relacionado coa auga, Aquaciencia, sometido a unha profunda reforma tras varios anos sen actividade. A fonte Wallace, que preside a praza flanqueada por bustos de personaxes ilustres, é outro dos principais elementos deste espazo.

Moi interesante resulta tamén a excursión ao Museo da Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN), situado nun antigo edificio militar reconvertido para fins divulgativos e científicos situado na praza de Canido. O impresionante esqueleto dunha balea común de 18 metros, unha lura xigante ou unha quenlla fociñuda da que tan só existen 45 rexistros no mundo son algúns dos tesouros naturais que nos podemos atopar xunto con pegadas de diferentes animais, herbarios, algarios e seccións de árbores centenarias. Unha experiencia única para coñecer a riqueza natural da nosa comunidade.





Aprendendo arqueoloxía práctica

FERROL



• Reservas e información: arqueodromo.ferrol@gmail.com

Ferrol 0 km
A Coruña 57 km
Viveiro 91 km
Santiago 99 km

Centro cultural
Torrente Ballester,
Concepción Arenal, s/n

Desenterrar a historia coas nosas propias mans é posible sen saír da cidade. No centro cultural Torrente Ballester atopamos unha iniciativa da Cátedra de Arqueoloxía e Educación Patrimonial -sostida pola Universidade da Coruña e o Concello de Ferrol- que ofrece aos centros educativos a posibilidade de realizar escavacións nun arqueódromo que constitúe un recurso didáctico único e moi interesante.



Nalgunhas datas especiais, como o Nadal, o centro acolle sesións abertas para familias.

Comezou a funcionar no ano 2024 cun grande éxito entre colexios e institutos, está dirixido a estudantes de sexto de Primaria ou primeiro de ESO e ofrece unha experiencia educativa e práctica na que aprender sobre historia e arqueoloxía, escavando eles mesmos nun pequeno xacemento recreado, á vez que traballan en equipo.

Para comezar esta actividade reciben unha explicación introdutoria sobre a arqueoloxía profesional antes de lanzarse á escavación. Despois, a medida que van eliminando capas de terra co pincel, irán atopándose con diferentes obxectos, ósos ou restos de construcións. Unha vez achados deben identificalos nunha folla de rexistro e analizalos con rigor, tentando descubrir a que período histórico pertencen ou por que se encontran así dispostos no xacemento.

Para completar a experiencia e coñecer máis profesións que traballan no ámbito arqueolóxico, a actividade conta cun segundo obradoiro de fotografía. Nel descubrirán o proceso ao que se someten os obxectos despois de ser desenterrados. De maneira práctica, aprenden sobre fotografía de catálogo e a utilizar recursos que poden ter á man, como o papel de seda, para conseguir unha iluminación suave que permita recoñecer os obxectos e os seus detalles para o seu posterior estudo.





- Ruta dos Sentidos (3km), Ruta dos Muíños (6km) e Ruta da Poza da Lagoa (3km). Dificultade baixa e 2-3 horas de duración para facer camiñando ou en bici.
- Hai un club BTT no que se poden alugar bicicletas. Información na web da asociación.
- Para concertar un paseo guiado por algunha das rutas ou a visita ao Museo Pérez Porto, contactar no 604 19 49 49 ou avvvalledeesmelle@gmail.com
- O local da AVV conta con servizos e unha cafetería, así como unha pista de xogos.
- Solicita a unidade didáctica sobre a cultura da auga en avvvalledeesmelle@gmail.com

Ferrol 8 km
A Coruña 57 km
Viveiro 88 km
Santiago 100 km

Tel.: 604 194 949
avvvalledeesmelle.wixsite.com/esmelle

Pode que neste tempo de pantallas e individualidades o máis precioso que se aprende en Esmelle sexa a forza da veciñanza, o valor do traballo en común. A Asociación de Veciños desta parroquia ferrolá puxo en marcha hai máis de dúas décadas un proxecto de recuperación do patrimonio etnográfico que ten recibido moitos premios e que, por riba diso, deparounos tres rutas dos muíños para descubrir, a pé ou en bicicleta, como os ríos e os regatos marcaban a vida de antes.

Educación Patrimonial creada pola UDC e o Concello de Ferrol puxeron en marcha no verán de 2023 a primeira campaña de escavación dos restos, ás que seguiron outras dúas. Entre medias, a veciñanza de Esmelle traballa voluntariamente para garantir que os eucaliptos non colonizan o xacemento. Estímase que neste castro vivía unha poboación dunhas 500 persoas.

A recuperación do castro de San Xoán de Esmelle suma un motivo máis para visitar este bonito val. Outro é o museo de cerámica de Pérez Porto, habilitado tamén por iniciativa popular nun inmoble cedido por unha veciña. Alí están expostas a obras do artista vinculadas á obra de Álvaro Cunqueiro "Merlín e familia". Porque o mindoniense inventou que o mago vivía na selva de Esmelle, e os "esmudienses" brindáronlle a aquela fantasía a súa paisaxe real. Así, as rutas por Esmelle permiten descubrir non só o citado museo, senón tamén outras obras de Pérez Porto como unha colorida estatua de Merlín.



O lugar que habitan Merlín e familia volve en 2026 á actualidade. A homenaxeada no día das Letras Galegas, Begoña Caamaño, escribiu a novela "Morgana en Esmelle".

Ao mellor o espírito dos "esmudienses" de agora sexa herdanza daqueles que habitaron na Idade de Ferro a aldea castrexa de Tralocastro. A Cátedra de Arqueoloxía e





Manzaneda
Estación de Montaña

Parque MULTIAVENTURA



Bike Park

Bike Park Junior



Rocódromo indoor

Rocódromo infantil

nuevo



Pistas de tenis



Circuito termal



Mapa de orientación

Paintball



Tirolina gigante

Parque Multiaventura

nuevos retos!



Telesilla turístico

Rutas a caballo



Esquí alpino

Snowboard



Jacuzzi y
sauna



Piscina
climatizada
deportiva

Piscina
contracorriente



Restauración



Alojamiento



manzaneda.com



988 30 90 90

COLABORAN



XUNTA
DE GALICIA

galicia

DEPUTACIÓN
OURENSE

Concello da
POBRA DE TRIVES

CONCELLO DE
MANZANEDA



• **Horario:**

Xoves de 10:00 a 14:00

Venres, sábados e domingos: de 10.00 a 14:00 e de 16:30 a 20:30
(para grupos escolares só xoves e venres de 10:00 a 14:00)

• **Formulario de reserva:** cimixnaron.gal/es/didactica/

Ferrol 6 km
A Coruña 46 km
Viveiro 80 km
Santiago 87 km

Aldea San Roque, 8
(Narón)
Tel.: 624 596 226
info@cimixnaron.gal

No emblemático muíño de Xuvia, unha das estampas máis turísticas do concello de Narón, atopamos un novo destino especialmente interesante para as excursións escolares: o Centro de Interpretación dos Muíños de Xuvia (CIMIX).

En novembro do ano pasado abría as súas portas este espazo dedicado a divulgar a historia da Real Fábrica de Fariñas, a máis importante industria do sector en España no século XVIII. Esta historia comeza no 1767, cando chega a Ferrol -que entón era a cidade máis poboada de Galicia- o francés Juan Lestache. De camiño soubo ver as moitas posibilidades que se abrían coa declaración de Departamento Naval do Norte de España e a creación dos Arsenais e puxo en marcha á beira do río Xuvia -primeiro co seu socio Francisco Bucáu e máis tarde en solitario- un complexo dedicado á moenda que, ademais de abastecer ás poboacións próximas, axiña chegaría a exportar fariña ao estranxeiro, fundamentalmente a América.

O aumento do número de habitantes xerado coa construción dos Arsenais non só atraeu a Lestache e Bucáu, senón a un

bo número de compatriotas seus que tamén se instalaban en Narón, como Santiago Beujardin e Juan Lembeye, artífices do Muíño das Aceñas, ou Mathias Dufoyre, propietario orixinal do edificio no que nacería a Real Fábrica de Fariñas. Tamén se atribúe aos franceses o muíño de vento de San Mateo.




Os centros educativos teñen tamén á súa disposición unha unidade didáctica que se pode descargar da web para preparar a visita ao CIMIX na aula.

O conxunto do CIMIX abarca os antigos muíños, almacéns de gran e fariña e a vivenda do propio Lestache, na que residía coa súa dona, a nedeza María López, e os seus fillos.

A exposición que se pode ver no Centro de Interpretación fai da visita unha experiencia moi didáctica á vez que divertida. Nela atoparemos a maquinaria orixinal dos muíños restaurada, aprenderemos a evolución das técnicas de moenda por medio de maquetas, volveremos ao século





XVIII para comprobar unha xornada de traballo nun muíño e achegáremonos á vida de Lestache.

Tanto o discurso como o material didáctico resulta de fácil interpretación para todas as idades, xa que o CIMIX conta con diferentes recursos como proxeccións audiovisuais, elementos táctiles e interactivos, xogos e maquetas.

O Centro reserva ás visitas de centros educativos as xornadas de xoves e venres de 10:00 a 14:00, cun prezo de 5,50€ por persoa e un máximo de 25 por grupo. A visita guiada ten unha duración aproximada de 45 minutos, pero tamén é posible engadirlle un obradoiro, unha actividade moi recomendable porque permite ampliar os grupos a 50 integrantes e dividilos en dous. Neste caso o prezo é de 7,50€ por persoa e a duración amplíase ata as dúas horas.

Os obradoiros teñen diferentes temáticas segundo as idades: "Do gran ao pan" -apréndese a través de viñetas o proceso de elaboración do pan-, para Infantil; "Repicando"

-creación duna réplica dunha moa de muíño en arxila-, para Primaria; "Entre liñas" -investigación para a resolución dun enigma a través das copias das cartas de Lestache- para Secundaria e adultos e "Moe que moe" -realización dun percorrido histórico desde as antigas civilizacións ata a época industrial- para todas as etapas. A duración é de dúas horas e a capacidade máxima por taller de 50 persoas.

Ademais, pódese realizar o escape room "Fariña en marcha", co reto de abastecer de fariña á comarca de Trasancos escollendo un personaxe e resolvendo diferentes incógnitas. Esta actividade ten un prezo de 7€ cunha idade mínima de 8 anos e a duración aproximada é de unha hora.



**MUÍÑOS
INDUSTRIAIS
DE XUVIA**

A Real Fábrica de Fariñas
de Lestache (CIMIX)





Paseos, fermosas vistas e áreas de lecer para gozar NEDA



- **Áreas recreativas e de lecer:**
 - Paseo marítimo de Xuvia, con zonas de xogos infantís.
 - Subarreiros, situada xunto á ribeira de San Nicolás. Pista multideportes, barco pirata, círculo de equilibrio e máis elementos.
 - Maciñeira, no río Beelle.
 - Cobeluda, no río Castro.

Ferrol 8 Km
A Coruña 48 Km
Viveiro 80 Km
Santiago 90 Km

Concello de Neda
Tel.: 981 380 039
Neda.gal

Neda é unha vila tranquila e acolledora na que presta, e moito, gozar dunha tranquila xornada ao aire libre. Camiñar polo seu espléndido paseo marítimo ou polo seu fermoso casco histórico; divertirse nalgúns dos parques e áreas de lecer existentes; ou gozar de impresionantes vistas panorámicas que o municipio ofrece desde diferentes localizacións son só algunhas das opcións que nos brinda un concello no que tamén poderemos atopar recursos de valor patrimonial e característicos elementos como os afamados soportais da rúa Real.

Comezamos o percorrido desde as alturas, para divisar desde o coto de Ancos, un dos miradoiros máis impresionantes da comarca, a fermosa estampa da ría de Ferrol. Unha visita obrigada que se pode realizar en vehículo mais tamén a pé.

Outras das rutas moi axeitadas para unha saída escolar polo municipio é a que discorre polo paseo marítimo, con varios parques ao longo dun percorrido moi accesible á beira da

ría e que nos permitirá tamén descubrir unha zona húmida de marcado interese ambiental. O parque dos Subarreiros, dotado de xogos, pista polideportiva e piscina municipal, é outro dos puntos de interese.

A zona húmida que atopamos no paseo de Neda é a única situada no interior da ría de Ferrol e resulta un lugar excepcional para a observación de aves.



Un pouco máis afastadas do núcleo da vila atopamos as áreas de Maciñeira ou da Cobeluda, no río Castro, lugares tranquilos en plena natureza nos que desenvolver unha sesión lúdica acompañada dun pícnic pode ser un plan perfecto para unha saída escolar. Animádesvos con algunha destas propostas?





A forza e beleza dun río que segue a mover a vila NEDA



- Fervenza do Belelle: www.turismo.gal/recurso/-/detalle/210604000160/fervenza-do-belelle
- Dispón de servizo de estacionamento de vehículos nas inmediacións do Pazo de Isabel II, punto desde o que unicamente está permitido o desprazamento a pé ata a fervenza.
- Ruta dos Muíños: Preto de 6 quilómetros (ida). Con saída desde Santa María ata a Fervenza do Belelle. Dificultade baixa.

Ferrol 8 Km
A Coruña 48 Km
Lugo 90 Km
Santiago 90 Km

Concello de Neda
Tel.: 981 380 039
Neda.gal

As augas do río Belelle alimentaron durante moito tempo unha industria panadeira cuxa fama transcende a contorna, convertendo o seu pan nun dos máis apreciados en toda a comunidade. A existencia dos muíños, documentada desde a Idade Media, propiciou en 1588 a fundación na vila das "Casas Reais. Fornos de Provisión ou Fábricas de Biscoito" que abastecían con este produto aos barcos da Armada.

Hoxe en día, a ruta dos muíños permite achegarse á importante función que no municipio xogaron estas instalacións -chegou a haber 44 muíños fariñeiros-, agora xa en desuso. Os que aínda se conservan vanse sucedendo no percorrido dun seis quilómetros de distancia que parte da igrexa de Santa María para nos conducir ata o que, sen dúbida, é o principal reclamo de Neda: a fervenza do Belelle. Visitar este salto de auga, duns 45 metros de altura, constitúe unha experiencia única para os sentidos. Unha auténtica xoia da natureza á que se ten que acceder a pé

desde o aparcamento habilitado polo Concello para evitar a degradación deste impresionante espazo natural.

A ruta dos muíños, que parte da igrexa de Santa María para chegar ata a espectacular fervenza do Belelle, permite aos escolares aproximarse ao diverso ecosistema dun río cuxas augas moveron durante moitos anos os muíños que deron fama ao pan da vila.



A ruta, de dificultade baixa, ofrece a medio camiño, na área recreativa de Maciñeira, un espazo idóneo para facer unha pequena parada e repoñer forzas para chegar con toda a enerxía a unha fervenza que é motivo de orgullo para todos os nedeses. O río Belelle convértese ademais nun interesantísimo recurso pedagóxico para estudar un exemplo de ecosistema ben conservado, diverso e doado de percorrer.





Un espazo único para rir e reflexionar arredor do humor

FENE



- Horarios das visitas guiadas: de luns a venres, entre 9:00 a 14:00 horas.
- Contacto: museodohumor@fene.gal ou museodohumor@gmail.com
- Teléfonos: 981 342 400 / 981 341 451.
- Web: fene.gal/museo-do-humor/portada-museo-humor/gl
- Duración das visitas: entre unha hora e hora e media en función do grupo de idade. É optativo complementala con algunha proxección audiovisual ou taller.

Ferrol 6 km
A Coruña 46 km
Viveiro 80 km
Santiago 87 km

Dirección do Museo:
Avda. de Conces
20-22, Fene

Pregunta para toda a clase: coñecedes algúns dos beneficios que o humor ten para a nosa saúde e para o noso desenvolvemento persoal e cognitivo? Seguro que se vos ocorre máis de un, pero... e se o comprobades por vós mesmos somerxéndoos nun museo dedicado precisamente ao humor? Se vos parece boa idea, preparade as vosas mellores risas que a aventura está a piques de comezar.




O programa de visitas escolares adáptase aos grupos de idade e permite aos rapaces e rapazas gozar dunha experiencia didáctica e moi divertida.

Para vivir esta experiencia teremos que trasladarnos ata Fene, municipio no que a finais de 1984 era inaugurado un espazo único e singular que tivo na figura de Xaquín Marín

o seu principal impulsor, e que desde 2023 dálle o seu nome ao centro. A obra do recoñecido humorista gráfico fenés forma parte, desde entón, dos fondos dun espazo que tamén permite o achegamento a outros dos principais referentes de humor gráfico galego, nacional e internacional, sumando máis de 300 orixinais entre as súas paredes.

A exposición complétase con outros interesantes recursos, obxectos curiosos ou curiosos, como as figuras do "Galego nas escaleiras"; espellos cóncavos e convexas que nos devolven imaxes deformadas que nos farán pasar un bo rato e moitos outros elementos reunidos cunha mesma intención: entreter a divertir a través de pezas que, dalgún xeito, convidan tamén á reflexión.


O Concello de Fene ofrece cada novo curso visitas gratúitas ao museo para grupos escolares. Se vos animades a gozar desta marabillosa experiencia, podedes contactar co propio Museo.





O arte urbano enche de vida e color a vila fenesa

FENE



- Perla Mural Fest: perlamuralfest.gal/
- Máis información: fene.gal/turismo/index-turismo/es
- Escultura El Espectador: Praza do Perla.

Ferrol 6 Km
A Coruña 46 Km
Viveiro 80 Km
Santiago 87 Km

Houbo un tempo, alá entre os anos 60 e 80, no que Fene presumía, e moito, do seu Cine Perla. O espazo constituía un importante punto de encontro cultural e de lecer e un destino perfecto para gozar dunha boa película, botar unhas pezas nas sesións de baile ou mesmo acudir a algún que outro concerto. Logo do seu declive nos 90, o histórico edificio, convertido nun auténtico emblema cultural no municipio, sería definitivamente derrubado.



Na praza na que se localizaba a antiga sala Perla, pode verse a escultura "El Espectador", de Suso Basterrechea, en homenaxe aos extintos cines do municipio fenés, que chegaron a ser sete.

A construción desapareceu mais non a súa memoria, que desde hai dous anos cobrou aínda maior pulo da man do

Perla Mural Fest. O festival, nacido en forma de homenaxe á mítica sala, supuxo todo un revulsivo artístico para o concello. Dedicado ao muralismo, ás artes urbanas e á música, está a converter Fene nun auténtico museo ao aire libre. E ademais con recoñecemento internacional.

E é que dúas das obras realizadas no marco da cita acadaron, en dous anos consecutivos, o premio de Street Art Cities ao Mellor Mural do Mundo grazas aos traballos do autor madrileño SFHIR e a súa "Violonchelista de Fene" (na primeira edición de 2023) e do chileno Cristóbal Persona con "O Charanguista Andino", en 2024. Fene eríxese así na única localidade ata o momento en conseguir dúas distincións deste galardón. Estes e todos os demais murais concibidos nas tres edicións celebradas ata o momento, fan do municipio fenés un destino moi atractivo para unha saída escolar na que apreciar o valor da arte como axente transformador.



ALVARELLA

- Albergue de ecoturismo •
- Equipamento de educación ambiental •



Educación ambiental e sostibilidade

- Enerxía e auga
 - Residuos
- Consumo e alimentación
 - Horto ecolóxico
 - Bioconstrución
 - Bosque e litoral
- Petroglifos de Vilarmaior
- Románico Eumés

Ocio na natureza

- Piragüismo
- Slackline e tiro con arco
- Rocódromo
 - Cabalos
- Iniciación ao surf
 - Snorkel
- Roteiros guiados
- Xogos de orientación
 - Paseos en barco



Lg. Breanca nº 4 – Doroña. 15615 Vilarmaior. (Pontedeume)
Tlfn. 981.78.45.63 – 648.925.134 info@alvarella.com www.alvarella.gal



- Na web explora.aspontes.org/es/inicio/ podeades atopar información sobre o casco vello, así como acceder a un mapa das obras de "As Pontes en pezas".

Ferrol 27 km
A Coruña 54 km
Viveiro 64 km
Santiago 97 km

Casa do Concello
Parque Municipal s/n
Tel.: 608 201 251

A orixe da localidade das Pontes é incerta, aínda que con seguridade estivo relacionada co paso do río Eume e o camiño que o seu curso marca desde a vila de Lucus Augusti ata a costa atlántica. Sábese que houbo un asentamento romano na zona de Chamoselo, no lugar no que está a ponte máis antiga da vila. A xente adoita chamala "romana", pero a realidade é que a construción que chegou ata os nosos días é do século XIV.



No casco histórico está a igrexa de Santa María das Pontes, cunha praza aberta diante e un parque de xogos moi próximo. Sabiades que esta é a única localidade de interior de Galicia que celebra por todo o alto a festividade da Virxe do Carme?

A primeira referencia documentada da localidade data de 1063 -nomeando o lugar de Pontes de Eume- aínda que certamente foi na Idade Media cando se consolidou unha poboación de importancia, arredor dun castelo e dentro

dunha muralla que marcou o trazado ovalado do casco antigo. Foi determinante o outorgamento da xurisdición sobre estes territorios ao señor García Rodríguez de Valcarce por parte do rei Henrique II no ano 1371.

No casco vello das Pontes pode pescudarse o seu pasado medieval, máis concretamente nas rúas Real, Igrexa e San Xoán, cuxo trazado é consecuencia daquela antiga muralla. Na última está un antigo edificio que probablemente foi hospital de peregrinos. Ao pé da rúa Real está a Ponte dos Ferros, un paso sobre o río Eume anterior á aparición nesta historia do cabaleiro García Rodríguez. En 1902 foi ampliada e asegurada dunha varanda de ferro á que debe o seu nome actual.

Estas rúas e o paseo xunto ao río son moi agradables de camiñar. Na zona está algún dos murais que compoñen o museo ao aire libre "As Pontes en pezas", formado por máis de 40 obras de diferentes artistas. A que está no casco vello é unha homenaxe aos torneiros pintado por Diego Cereijo nunha fachada lateral do muíño de Severiano. Un lugar no que deterse a falar da importancia deste oficio nas Pontes.





Camiñando a carón do Eume AS PONTES



- Na web explora.aspontes.org/gl/ podeades atopar información e un mapa interactivo para consultar o percorrido das diferentes rutas.
- Os itinerarios PRG-203 e PRG-147 poden consultarse tamén a través do portal Wikiloc.

Ferrol 27 km
A Coruña 54 km
Viveiro 64 km
Santiago 97 km

Casa do Concello
Parque Municipal s/n
Tel.: 608 201 251

A vila das Pontes ten demostrado que a transformación e a resiliencia son características de seu. O exemplo máis claro está no lago, resultado dun proceso de rehabilitación ambiental único e exemplar, que converteu a vella mina nunha enorme masa de auga doce cunha praia de medio quilómetro. A bandeira azul ondea cada verán ao pé deste areal de augas limpas e tranquilas, ideais para os deportes náuticos, e situado xunto a unha grande área recreativa, de 5km por 200 metros, que constitúe un espazo amplo e seguro, afastado do tráfico, no que é posible desenvolver todo tipo de actividades de ocio.

As Pontes ten espazos naturais de grande interese que poden explorarse a través de varias rutas de sendeirismo homologadas. Unha delas é a Senda da Ribeira (PRG-203), con 7km de percorrido, cuxo trazado ascende desde o casco vello por unha marxe do río Eume ata o encoro da Ribeira,

regresando pola outra. A denominada “Fragas da Ribeira e Lostegal” (PRG-147) é máis longa, de 20km, e gran parte da mesma vai tamén a carón do río.

Hai un columpio enorme sobre a área recreativa do lago para gozar coas extraordinarias vistas.



Tamén moi recomendable é a Senda da Memoria, un percorrido doado de 8,3km, por unha ruta que pode facerse a pé ou en bicicleta e que vai por todo o perímetro do lago. O tráfico rodado está prohibido neste camiño, ao longo do que hai paneis informativos para coñecer os lugares e núcleos de casas que existiron antes da mina, así como información da flora e a fauna da zona. Na parte de Espiñaredo hai un observatorio de aves.





Dous espazos para escarvar na historia da mina

AS PONTES



- Na web explora.aspontos.org/es/inicio/ podedes atopar información destes dous centros de interpretación.
- Para coñecelos, cómpre concertar unha visita a través do departamento de Cultura do Concello das Pontes, chamando ao 981 45 31 16.

Ferrol 27 km
A Coruña 54 km
Viveiro 64 km
Santiago 97 km

A MINA: Rúa Alcalde
José Vilavoy Pajón, s/n

CENAM: Escola de Saa
(AC-142), nº 30

É probable que o apagamento do pasado 28 de abril nos fixera reflexionar sobre o difícil que é xerar electricidade e levala a cada un dos nosos fogares. Falastes diso dentro da aula? A vila mineira das Pontes ten un papel moi relevante nesta historia e ofrece dous espazos especificamente creados para contala.

Un deles chámase “A Mina”, en recordo da explotación mineira que fixo das Pontes a localidade industrial que é. O percorrido lévanos atrás no tempo, ata hai vinte e cinco millóns de anos, cando unha gran depresión no terreo foise reenchendo con restos vexetais e outros materiais que se transformaron en carbón. Os paneis falan de como evolucionou aquel xacemento desde a súa descuberta no século XVIII ata a súa transformación no actual lago, pasando polos trinta anos nos que se explotou para producir enerxía. Algúns datos curiosos: empregáronse enormes rotopalas coas que se extraían ao ano nove millóns de toneladas de lignito que se movían por 60 quilómetros de cintas transportadoras.


Neste Centro de Interpretación “A Mina” atoparedes, ademais de paneis informativos, moitos vídeos nos que se explica, entre outras cousas, como foi o proceso de conversión do oco do xacemento no actual lago. Existe tamén unha sala

chea de pantallas interactivas para que o alumnado aprenda conceptos básicos sobre a enerxía e as diferentes formas de produci-la.

Á entrada das Pontes pode verse unha das enormes rotopalas que se empregaron na mina. O Concello ten en marcha o proxecto do “Parque da Memoria Toxo Verde”, no que a máquina quedará exposta e iluminada.



No antigo escolar de Saa atopamos o Centro Expositivo da Maquinaria Mineira (CENAM). Alberga unha colección de maquetas das máquinas que se empregaron na explotación do xacemento das Pontes, sorprendente tanto polo detalle das pezas como polo seu número. O veciño das Pontes Manuel Barro García, que tamén foi traballador da mina, é o autor destas miniaturas a través das cales podemos descubrir a evolución da maquinaria e reflexionar sobre a pegada que estas deixaron na forma de vida e de traballo. No mesmo CENAM está, tamén, a colección de fotografías coas que o fotoxornalista Ramón Loureiro retratou, nos anos 90, aquela actividade industrial.





A Casa do Mel, un destino para ver, tocar, ulir e degustar

AS PONTES



- A Casa do Mel abre ao público en xeral os sábados e domingos, en horario de 16.00 a 21.00h, con entrada gratuíta. Os grupos poden concertar a visita durante a semana. O prezo é de 3€ por persoa, e existe a opción de levar unha terrina de mel por 0,50€.
- Contactar nos teléfonos 661 003 616 / 981 102 249.
- Web: www.casadomel.es

Ferrol 27 km
A Coruña 54 km
Viveiro 64 km
Santiago 97 km

Unha visita á Casa do Mel é garantía de éxito. É coñecido o interese que os bechos espertan dentro e fóra da aula e as abellas en particular son un mundo apaixonante e unha boa chave para dar os primeiros pasos en educación ambiental. Os apicultores e apicultoras que forman parte da asociación impulsora deste museo teñen moita experiencia recibindo a nenos e nenas pequenos,



A asociación Casa do Mel leva xa máis de dúas décadas traballando a prol da apicultura, das súas tradicións e cultura, e constitúe unha referencia dentro de Galicia.

desde os primeiros cursos de Infantil, pero hai que apuntar que contan con materiais e coñecementos para enganchar a xente de todas as idades.

O museo está situado ao pé da estrada AC-564 entre Cabanas e As Pontes, no lugar de Goente. No seu interior hai unha exposición de diferentes materiais e traxes relacionados coa apicultura, porén máis importante que o espazo e as cousas son as persoas que están alí dispostas a compartir a súa experiencia.

É habitual que os grupos escolares fagan na visita algún obradoiro, como o de elaboración dunha vela, ou que vistan o traxe de apicultor para achegarse camiñando ata o apiario didáctico e observar ás abellas ao vivo. Alí pode verse unha colmea de cristal e meter o nariz para descubrir o aroma do néctar.

Son moitas as crianzas que proban por primeira vez o mel na excursión ao museo pontés. Ademais da degustación, saen coñecendo a importancia capital que teñen as abellas para manter a biodiversidade e o equilibrio na natureza.





Un museo para conectar coa vida dos nosos avós

AS PONTES



- Na páxina web montecaxado.gal atoparedes toda a información sobre o museo.
- Para visitas de grupo contactar no 670 509 697 ou 698 148 890 ou no correo electrónico. Son gratuítas.
- Aínda que o museo é unha antiga casa do casco vello, é accesible a primeira planta para persoas de mobilidade reducida. O horario de apertura para o público xeral é de martes a venres, de 18.00 a 19.30h e os sábados e domingos de 11.30 a 13.00h.
- Na mesma web ou en [arquivo.montecaxado.gal](mailto:info@montecaxado.gal) teredes acceso aos materiais do arquivo.

Ferrol 27 km
A Coruña 54 km
Viveiro 64 km
Santiago 97 km

Praza da Igrexa, s/n
info@montecaxado.gal

O Museo Etnográfico Monte Caxado é un lugar ao que dá gana de ir da man do avó ou da avoa. Teríamos tanto que comentar! Hai xa máis de corenta anos que o mestre Xosé María López Ferro iniciou, de entrada coa axuda dos seus propios alumnos e alumnas do colexio Monte Caxado, e despois de toda a veciñanza das Pontes, unha colección que naceu para non deixar caer no esquecemento a vida de antes.



Na web do museo están dispoñibles para a súa descarga boletíns divulgativos sobre diferentes temas, como o oficio de carpinteiro ou as supersticións na comarca do Eume.

As Pontes estaba cambiando dun perfil rural a un industrial, como consecuencia da explotación da mina e o funcionamento da central térmica, e o profesor tivo a feliz


idea de coleccionar e expoñer as cousas que tiñan que ver co traballo no campo, cos vellos oficios e, en definitiva, coa historia cotiá da localidade. Andando o tempo, a mostra que inicialmente estivo no colexio acadou a súa propia sede e pasou a depender dunha fundación declarada de interese cultural. E o mellor é que o profesor Xosé María López Ferro segue ao pé do canón e exerce de guía para os grupos.

O museo conta actualmente con máis de 4.000 pezas: unha vella escola cos seus pupitres e demais útiles, a mesa de traballo dun zapateiro, unha antiga tecelá, as ferramentas do zoqueiro, os baús daqueles ponteses que marcharon á emigración, o carro e outros moitos aparellos do traballo no campo... Pero ademais de restaurar, coidar e amosar todos estes obxectos, na Fundación do Museo Monte Caxado reuniron un arquivo dixital con fotografías, audios, vídeos, xornais... é unha auténtica xoia que pode consultarse a través da súa web.





Un mosteiro no corazón das Fragas MONFERO



- **Horario da oficina de turismo do mosteiro:**
de xuño a setembro de 11:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00
de mércores a domingo.

Ferrol 36 km
A Coruña 57 km
Viveiro 75 km
Santiago 94 km

Concello de Monfero:
Teléfono 981 793 885
www.concellodemonfero.com

Arrodeado de verde, en pleno corazón das Fragas do Eume, atópase unha das xoias arquitectónicas da comarca: o mosteiro de Santa María de Monfero, declarado Monumento Histórico Artístico no ano 1941. A súa espectacular fachada barroca, que lembra un taboleiro de xadrez, dá paso a un edificio moito máis antigo, xa que se construíu sobre a vella igrexa de Santa María no 1147.



É moi recomendable achegarse a coñecer a ponte do Dez, a de San Paio e a de Lambruxo, todas de orixe medieval e dun só arco, situadas nunhas paisaxes maravillosas. As pequenas ermidas son outro dos atractivos deste concello, no que abundan ademais os petróglifos.

Aínda que se conservan algúns vestixios románicos, o mosteiro foi reedificado a partir do século XVII e moitos dos seus elementos máis destacados, como a gran bóveda de canón e a cúpula octogonal que despertan a admiración de quen o visita, pertencen ao XVIII.

A historia do mosteiro é tamén a historia do poder da Igrexa e do feudalismo. O cultivo das terras e as rendas sobre os bens que foron adquirindo os monxes cistercienses fixeron medrar

a abadía, pero esta expansión deu orixe a un enfrontamento cos señores feudais polo dominio das terras, que mesmo requiriu a intervención real e do que saíron triunfantes os monxes.

Despois duns séculos de esplendor, no XVI e o XVII chegaron as protestas do campesiñado, que se negaba a pagar as rendas ao mosteiro, e a invasión francesa e as vicisitudes da política española desembocaron no final de Monfero como mosteiro cisterciense no 1820. O seu declive foi rápido, vítima do abandono e da rapina.

Todo o interior do mosteiro chama a atención, pero seguramente espertarán a curiosidade dos escolares os sepulcros de Nuño Freire de Andrade "O Mao", contra o que se organizou a I Revolta Irmandiña, de Aras Pardo, Fernán Pérez de Andrade "O Mozo" e Diego de Andrade. As esculturas en pedra destes cabaleiros, algúns inmortalizados coas súas espadas e os animais dos seus escudos, son unha parte moi interesante da visita.

No verán e épocas de vacacións son moi recomendables os percorridos guiados e os concertos que se celebran dentro do cenobio. No exterior pódense admirar vellos e impresionantes castiñeiros e restos do que foron os xardíns do mosteiro.





Dale vida a tus Ideas en 3D

Tu socio de confianza en tecnología educativa

En FAB LAB, nos especializamos en potenciar el aprendizaje a través de la creación digital. Ofrecemos servicio técnico profesional para centros educativos, asegurando que vuestras impresoras 3D siempre estén listas para la acción.



Puesta a punto y mantenimiento

Revisiones y reparaciones para un rendimiento óptimo de vuestras impresoras 3D.

- Mantenimiento preventivo
- Reparaciones especializadas
- Calibración profesional
- Soporte técnico 24/7



Venta de filamento PLA

Material de alta calidad con garantía para todos vuestros proyectos educativos.

- Filamento de calidad premium
- Múltiples colores disponibles
- Garantía de calidad
- Precios especiales para centros



Asesoramiento experto

Te ayudamos a elegir el mejor equipo para tus necesidades educativas específicas.

- Consultoría personalizada
- Análisis de necesidades
- Recomendaciones técnicas
- Planificación de proyectos



Propuestas didácticas

Integramos la tecnología 3D en el curriculum de tus cursos de manera efectiva.

- Programas educativos
- Material didáctico
- Formación del profesorado
- Proyectos transversales

La tecnología educativa necesita estar en forma. Nosotros nos encargamos.



<http://fablab.gal>
info@fablab.gal
+34 699 446 093





Aventuras no bosque

AS FRAGAS DO EUME



- **Centros de interpretación:**

- **Caaveiro (Ctra. Ombre-Caaveiro, km. 5)**
- **Monfero (CtraDP-5003 s/n)**
- **A Capela (Lugar Estoxa, 9)**

- **Horarios:**



Ferrol 25 km
A Coruña 45 km
Viveiro 85 km
Santiago 88 km

Máis información:
turismo.dacoruna.gal/es/descubre/espazos-naturais/fragas-del-eume

Nesta zona temos o privilexio de contar con 9.000 hectáreas dun dos bosques atlánticos costeiros mellor conservados de Europa: as Fragas do Eume. O río Eume labrou o seu curso entre montañas, deixando unha paisaxe de canóns, ribeiras, fervenzas, presas e embalses que nos devolven a unha natureza virxe na que habitan incluso felgos de especies do período Terciario. Que mellor lugar para unha excursión escolar!

A visita ás Fragas pode planearse desde diversas perspectivas e, dado o seu interese, incluso se pode realizar en varias xornadas ou diferentes estacións para poder gozar de todos os aspectos que fan deste bosque un lugar máxico e único.

Percorrer algunha das sendas que se adentran neste espazo é unha opción excelente para ver de cerca o que nos ofrece. O Camiño dos Cerqueiros é unha destas rutas e conta coa vantaxe de ser un itinerario circular de 3 horas de duración e dificultade baixa que parte dos piñeirais altos ata as fragas máis próximas ao embalse. A vista desde o miradoiro da

Carbueira é o maior aliciente: desde os seus 550 metros de altitude contemplamos a espectacularidade do río entre as montañas. E a visita pódese aproveitar para coñecer o mosteiro de Santa María de Monfero, do que falamos noutra páxina desta publicación.



Nas Fragas hai habilitadas diferentes áreas recreativas nas que descansar ou compartir unha merenda ou un xantar.

Outra proposta de ruta é o Camiño Vello de Caaveiro, que parte das inmediacións do Museo Etnográfico da Capela e era a que utilizaban antigamente os monxes do mosteiro. É tamén circular, aínda que un pouco máis esixente que a dos Cerqueiros polos desniveis, e cunha duración de algo menos de catro horas, aínda que o tempo de camiñada non chega á hora e media. Neste percorrido temos unha fermosa ponte medieval, os increíbles saltos de auga do río Sesín e, por suposto, o mosteiro de Caaveiro. Atopar esta impresionante





construción no medio da frondosa vexetación das fragas é todo un espectáculo. O mosteiro data do século X e consiste nun conxunto de edificacións que no 2025 cumpren 50 anos desde a súa declaración como Monumento de Interese Histórico Artístico Provincial. A torre do campanario da igrexa de Santa Isabel, de 1750, a cociña escavada en rocha e a zona soterrada baixo a sancristía que lembra a uns calabozos son algúns dos elementos característicos que se conservan neste edificio, propiedade da Deputación Provincial da Coruña e que hoxe funciona como espazo museístico e centro de interpretación. Unha maqueta do mosteiro ou unha réplica da alba de San Rosendo son algunhas das pezas que se poden ver no seu interior.

Estas dúas rutas son só algunhas das que poden levar ao alumnado a achegarse ao tesouro das Fragas do Eume, pero hai moitas máis. Paga a pena, agora que xa está reaberta ao público, cruzar o río pola ponte colgante de Cal

Grande e tamén coñecer as curripas, unhas construcións que forman parte do noso patrimonio etnográfico nas que se almacenaban os ourizos das castañas e se cubrían cun manto vexetal para finalmente obter o froito xa limpo para o seu consumo.

Ademais da formidable vexetación -carballos, castiñeiros, bidueiros, ameneiros, freixos, olmos, teixos, acivros...- neste bosque habitan numerosas especies de fauna autóctona, máis dun cento de aves, 40 mamíferos, peixes como a troita ou o reo e especies de anfibios e réptiles como a ra ibérica ou a lagarta serrana, da que está en marcha no Concello das Pontes un proxecto para a súa conservación.





Unha viaxe ao interior da terra

XEOPARQUE CABO ORTEGAL



• Acceso ás unidades didácticas: xestionaxco@gmail.com

Máis información:
Xeoparquecabortegal.gal

Sabías que a maior parte da serra da Capelada foi unha antiga illa volcánica similar ao arquipélago de Xapón? E que as rochas da contorna da ría de Cedeira eran parte do fondo mariño hai 400 millóns de anos? Ou que os Aguillóns marcan a división entre o Océano Atlántico e o Mar Cantábrico?

Sete concellos da zona compartiron hai case unha ducia de anos un soño que hoxe é unha realidade: poñer en valor a súa riqueza xeolóxica para chegar a constituír un Xeoparque recoñecido pola Unesco no que os centros educativos teñen a posibilidade de se achegar á Xeoloxía pero tamén a unha experiencia vinculada á natureza e ligada ao tecido socioeconómico cun aproveitamento sustentable dos recursos.

Cariño, Cedeira, Cerdido, Moeche, Ortigueira, San Sadurniño e Valdoviño suman un territorio de 799 quilómetros cadrados que se configurou hai 350 millóns de anos, como resultado do proceso de Oroxenia Varisca. Este proceso consistiu no choque de dous continentes, Laurussia e Gondwana, que acabaron creando o supercontinente Panxea e que orixinaron a maior cordilleira montañosa que existiu

no noso planeta, deixando na superficie na nosa contorna rochas que habitualmente só se encontran a 70 quilómetros de profundidade.

No Xeoparque hai catalogados 52 lugares de interese xeolóxico, polo menos seis con relevancia internacional. Peridotitas, serpentinitas, metavulcanitas, metasedimentos, anfibolitas, granulitas, gneises... son nomes evocadores para os xeólogos, que xa no século XX coincidiron na excepcionalidade deste espazo. Nel atopamos o maior afloramento mundial de ecloxitas -rochas producidas por grandes presións a temperaturas de máis de 800 graos-, a única praia de area negra non volcánica -a de Teixidelo, en Cedeira-, outras con area de cor vermella debido á concentración de partículas de granate e os espeleotemas, que son acumulacións de mineral dentro de covas, como as estalactitas e estalagmitas azuis e verdes que se poden ver no interior das minas de cobre de Cerdido ou Moeche.

Para ir máis alá do que podemos ver con ollos de profano o Xeoparque organiza as xeorutas guiadas, que adoitan ser





en períodos de vacacións, pero existe un completo proxecto educativo a disposición dos colexios e institutos con tres unidades didácticas para alumnado de diferentes niveis e obradoiros xeolóxicos así como materiais escolares e didácticos que se poden consultar a través da súa páxina web.

Ademais, o Xeoparque é unha das sedes da fase galega da Olimpíada de Xeoloxía, unha competición anual na que o alumnado de 4º da ESO e Bacharelato compiten para demostrar quen ten máis coñecementos xeolóxicos a través dunha serie de probas.

O coñecemento da excepcionalidade deste territorio é especialmente importante para a poboación dos sete concellos que o compoñen -28.300 habitantes- pero

tamén aspira a se converter en todo un referente turístico e de divulgación científica para o resto do mundo. Por iso os esforzos do Xeoparque non se limitan aos aspectos xeolóxicos, senón que tamén se traballa noutros como a natureza, a paisaxe, o patrimonio cultural material e inmaterial ou a gastronomía. Todos estes recursos dos respectivos concellos teñen un paraugas común cos recursos xeolóxicos como nexo.



O primeiro bosquejo de mapa xeolóxico da zona foi obra do enxeñeiro de minas alemán Guillermo Schulz, que no ano 1835 buscaba lugares aptos para a actividade mineira.





O espazo da Cortiña: árbores, abellas e moita maxia SAN SADURNIÑO



- Reservas para o proxecto Terra de Vida: info@rexenerando.com / 604 033 515
Máis información en: sites.google.com/view/turismosansadurnino/inicio/rutas
- www.sansadurnino.gal
O proxecto pode descargarse nesta ligazón i.gal/terradevida

Ferrol 21 km
A Coruña 61 km
Viveiro 74 km
Santiago 103 km

A oferta para escolares de San Sadurniño é das máis completas das tres comarcas. Os espazos que bordean o río Xuvia e os situados a carón do propio edificio do Concello -o antigo Pazo da Marquesa- son un referente patrimonial e paisaxístico para o tempo de ocio, pero ademais teñen un aproveitamento didáctico singular, con iniciativas orientadas especialmente aos centros educativos.

O Concello de San Sadurniño ten concertado coa cooperativa Rexenerando o proxecto Terra de Vida, unha iniciativa dirixida especialmente a escolares e destinada a poñer en valor os espazos verdes e o patrimonio histórico do municipio. Ao longo do pasado ano participaron nel preto de 200 estudantes de Educación Primaria e Infantil, que puideron gozar dunha xornada de lecer e aprendizaxe nunha contorna única.



O obradoiro didáctico para Educación Infantil dura entre 45 e 60 minutos con grupos dun máximo de 20 nenos e nenas; o de Primaria ten unha duración de 90 minutos e admite ata 25 alumnos e alumnas.

A zona da Cortiña, á beira do río, non só permite o paseo por este lugar incluído na Rede Natura, senón que ofrece aos nenos e nenas a posibilidade de gozar da Fraga Máxica, un orixinal espazo singular inzado de esculturas de madeira obra de Carlos García e Marina Goti que reproducen animais como esquíos, cempés ou lagartos que invitan a subirse aos seus lombos e tamén personaxes de fantasía como gnomos,





dragóns ou un boneco de madeira moi popular que leva o nome de Agapito. Xogar na compañía destes amigos é un aliciente sobre todo para os máis pequenos.

Os escolares poden achegarse ás especies vexetais autóctonas dos bosques galegos: carballos, bidueiros, sobreiras... no arboreto da Cortiña, un espazo destinado, precisamente, a fomentar o coñecemento das nosas árbores.

Tamén percorreren a horta de conservación de froiteiras Carlos Fornos, na que se recuperan variedades galegas en perigo de extinción cunha plantación de 500 exemplares entre os que hai algún propio de San Sadurniño. Cerdeiras, ameixeiras, pexegueiros, pereiras e maciñeiras de diferentes tipos dan testemuño da riqueza do patrimonio froiteiro de Galicia.

E non pode esquecerse a visita a abellariza didáctica, na que se ensina a importancia das abellas para a supervivencia do

planeta, xa que son responsables da maioría da polinización de froitas, hortalizas e sementes e, polo tanto, dunha parte esencial da nosa alimentación.

Ao lado da Cortiña sitúase o Pazo da Marquesa, que hoxe alberga as dependencias municipais. É un edificio señorial que se construíu posiblemente no século XVI, aínda que o seu aspecto actual é froito dunha reforma feita no XIX. Foi un lugar moi visitado pola aristocracia e a nobreza españolas e no que se organizaban grandes merendas e paseos en barca polo río. Os xardíns que o arrodean hoxe son só unha pequena parte das terras que pertencían ao Marquesado de San Sadurniño, nas que había unha granxa, unha capela e outras edificacións, ademais dunha fraga de máis de 100 hectáreas.

Cabo Ortegal
XEOPARQUE





Patrimonio medieval e ocio ao aire libre

SAN SADURNIÑO



- Máis información sobre os obradoiros de Terra de Vida-Patrimonio: info@rexenerando.com / 604 033 515
 - www.sansadurniño.gal
- O proxecto pode descargarse nesta ligazón i.gal/terradevida

Ferrol 21 km
A Coruña 61 km
Viveiro 74 km
Santiago 103 km

O proxecto Terra de Vida-Patrimonio xira arredor do castelo de Naraio -un dos mellores exemplos de arquitectura medieval, que se ergue sobre unha rocha de 30 metros- pero non é este o único elemento patrimonial que destaca no concello de San Sadurniño. A fonte de San Roque, a igrexa de Santa María e a ponte da Ferraría co porco bravo dos Andrade son outras construcións que merece a pena coñecer.



Ademais de ser lugar de residencia vinculado aos Andrade, o castelo de Naraio -declarado Ben de Interese Cultural no 1994- funcionou como cárcere para vasalos morosos ou rebeldes en tempos de Fernán Pérez de Andrade "O Bo".

A cooperativa Rexenerando -en colaboración co Concello de San Sadurniño- conta cuns obradoiros para traballar nas aulas sobre toda esta riqueza patrimonial, que poden ser a base para que os centros educativos realicen despois a visita pola súa conta. Facer este itinerario en autobús supón uns 45

minutos de excursión e trátase dunha proposta axeitada para rapaces e rapazas de Educación Secundaria e Bacharelato.

A visita á impresionante fortaleza -na que é posible subir ata a torre de homenaxe, de 16 metros de altura- supón transportarse ao momento da historia na que Galicia era un reino e ao xurdimento das Revoltas Irmandiñas.

Tamén é posible facer o percorrido a pé para contactar de preto coas impresionantes paisaxes da zona, na que veremos muíños, presas e vellas casas de labranza. A espectacular Fervenza do Río Castro, cunha caída de auga de 8 metros e unha poza na súa base, atópase a moi pouca distancia do castelo.

Á marxe destes espazos, San Sadurniño dispón doutra zona ben interesante para unha excursión escolar: a área recreativa dos Currás, na que se poden practicar deportes, compartir unha comida ao aire libre e -de xuño a principios de setembro- gozar da súa piscina.





Xogando ao asedio nun castelo medieval

MOECHE

- **Tarifa reducida para os grupos de alumnado de calquera nivel educativo: 1,50€ por persoa.**
- **Concertar as visitas chamando ao Concello de Moeche por teléfono ou ben enviando un mail a correo@moeche.gal**
- **Os grupos poden chegar en autobús, ou en tren, porén hai que ter en conta que o apeadeiro está a case tres quilómetros a pé do castelo.**
- **Para traballar na aula: na web moeche.gal pódese descargar unha unidade didáctica e fichas de exercicios para Primaria e para Secundaria.**

Ferrol 28 Km
A Coruña 68 Km
Viveiro 70 Km
Santiago 111 Km

Concello de Moeche
Rúa da Feira, 32
15563 Moeche
Tel. 981 404 006
www.moeche.gal

O asedio á fortificación convértese nun xogo apaixonante para os grupos escolares na visita ao castelo de Moeche. Descubrir as seteiras polas que lanzaban as frechas desde a fortaleza, entre outras estratexias de defensa, é o fío condutor das visitas guiadas cos máis pequenos, aínda que o percorrido dá para moito máis. É o espazo máis acaído para falar da revolta irmandiña de 1467, un acontecemento de tremenda transcendencia que, de feito, marcou en Galicia o tránsito da Idade Media á Idade Moderna.




A fortaleza estivo a piques de desaparecer outra vez nos 90, cando a Casa de Alba, que segue a ser hoxe a propietaria, pretendeu vender as súas pedras ao peso. A presión popular salvouno!

levantamento, como resposta aos moitos abusos que cometían os señores feudais, e mesmo conseguiron implantar un novo sistema de goberno durante un tempo... As revoltas, que triunfaron en Moeche e noutras zonas de Galicia, remataron cando os nobres volveron e reconquistaron os territorios coa axuda dos Reis de Castela. Entre outras represalias, o pobo tivo que levantar de novo o castelo de Moeche sobre os cimentos do que antes destruíra.

Actualmente, a fortificación acolle un Centro de Interpretación das Revoltas Irmandiñas e nas súas inmediacións celébrase cada mes de agosto o Festival Irmandiño, durante o que se recrea con fachos o asalto nocturno á fortaleza. Varios miles de persoas xúntanse cada ano neste evento, protagonizado pola música, que cumprirá 47 edicións no verán de 2026.

As pedras do castelo actual levantáronse sobre os restos do antigo. Os irmandiños reduciron o proxenito a cinzas naquel

Cabo Ortegal
XEOPARQUE





Da área recreativa Souto Grande ás feiras tradicionais MOECHE



Más información:

Para acudir ao Circuito Modestino de Seguridade Viaria consultar no teléfono 981 404 006 en horario de luns a venres de 8:30 a 14:30.

Ferrol 28 Km
A Coruña 68 Km
Viveiro 70 Km
Santiago 111 Km

Concello de Moeche
Rúa da Feira, 32
15563 Moeche
Tel. 981 404 006
www.moeche.gal

Moeche ten na súa natureza e no seu carácter rural un dos principais atractivos para unha saída escolar. E ademais dispón dun espazo que conta con todo o equipamento para aproveitar as xornadas de bo tempo cunha comida ou merenda ao aire libre. Na área recreativa de Souto Grande podemos atopar un campo con grellas, mesas, bancos de madeira, zona de xogos infantís e, cando chega o verán, unha cafetaría e unha piscina ao aire libre que é punto de reunión de toda a cativada e mocidade da contorna.

A piscina está aberta desde mediados de xuño ata as primeiras semanas de setembro polo que é unha opción ben interesante para organizar excursións de fin de curso. Que mellor maneira de despedirse das aulas que compartindo unha comida cos compañeiros e compañeiras e un bo baño!

Outro dos recursos ideais para escolares é o circuito de seguridade viaria, onde aprender as normas de circulación practicando en karts e bicicletas... e respectando aos peóns. Atópase no recinto feiral de San Ramón, unha zona que acolle dúas veces ao mes -o 11 e o 23- unha das feiras máis antigas de Galicia. Aproveitar unha destas datas é unha

boa suxestión para mergullarse neste tradicional encontro comercial no que os produtos de proximidade, a artesanía e o gando son os protagonistas.

A visita a Moeche pode aproveitarse tamén para coñecer o patrimonio etnográfico do concello, no que destacan as fontes e muíños, especialmente o conxunto coñecido como "Muíños de Boucido", situado na parroquia de Labacengos e constituído por sete edificacións de uso comunitario de diferentes épocas.



Ademais destas feiras mensuais, na primavera celébrase a dedicada ao queixo e o 23 de abril a do cabalo, dous eventos que reúnen en Moeche a multitude de persoas e que son unha excelente opción para compartir co alumnado de máis idade.





Unha vila que é case un parque de atraccións CEDEIRA



- Oficina de turismo: está no Palacete Municipal na Avenida de Castelao. Teléfono: 981 482 187. Mail: turismo@cedeira.es
- Web de turismo: turismo.cedeira.gal

Ferrol 34 km
A Coruña 80 km
Viveiro 61 km
Santiago 123 km

Propoñémosvos unha excursión á vila de Cedeira. Sen afastarse do seu casco urbano tedes un gran parque con céspede e a sombra das árbores, tobogáns, randeiras e outros xogos para diferentes idades, así como unha enorme e tranquila praia e un río con parrulos, entre outros atractivos. O parque de San Isidro, situado xunto ao areal da Madalena, ofrece as condicións perfectas para un día ao aire libre.

Para os que gocen lanzándose en monopatín ou patinete teñen neste lugar un skate bowl á súa disposición. Moi preto hai unha tirolesa de 28 metros de percorrido e un pouco máis alá un parque de calistenia. Queredes aproveitar para facer unha actuación? Tamén existe na mesma zona un anfiteatro pavimentado e con bancadas. Nesta área, afastada do tráfico rodado, hai servizos públicos e unha fonte para beber.

Por unha ponte de madeira pode achegarse o grupo ata a parte vella, pola que cada Samaín vai ás escuras a popular desfile das pantasma. Alí está o Concello e un mural de

cerámica que ilustra a lenda do cabaleiro Lanzarote do Lago, o mítico Lancelot da corte do rei Arturo, que fixo vida nestas terras.

Na web de Turismo do Concello podedes consultar sobre a ruta das portas, para coñecer as catro que estaban na antiga muralla que rodeou o núcleo medieval de poboación.



Cedeira é unha vila orgullosa da súa historia e coidadosa das tradicións. Unha parte delas pode descubrirse tamén a través da Colección Rafael Usero, unha exposición aberta no Palacete Municipal, na que se reúnen machados prehistóricos e outros obxectos ligados ao pasado deste concello.





O orgullo dunha vila mariñeira

CEDEIRA



- **Prezo do Museo Mares:** gratuíto para menores de 3 anos; 1€ para nenos e nenas de 3 a 10 anos; 2€ de 10 anos en adiante. O teléfono para concertar as visitas é 614 20 95 04.
- **Horario:** luns e martes pechado. De mércores a domingo, aberto de 10.30 a 13.30h -os sábados ata as 14.00h- e nas tardes de venres, sábados e domingos, de 16.00 a 19.00h.
- **Desde o Museo Mares facilitan a organización da visita coa Confraría e a Cruz Vermella** Contacte no correo confrariacedeira@confrariacedeira.es ou no teléfono 981 480 389.

Ferrol 34 km
A Coruña 80 km
Viveiro 61 km
Santiago 123 km

A recente descuberta dos restos dunha vella fábrica de salgadura na praia da Madalena -na que existiron ata sete!- representa só un capítulo máis na produtiva relación que Cedeira tivo sempre co mar. É unha historia da que a esta vila lle gusta presumir, de aí que teña un museo, o Mares, no que se garda a memoria de como e quen traballou a pesca e o marisqueo na localidade, das industrias e as canles de venda e dos tesouros que xurdiron das augas ao longo do tempo, entre outras moitas cousas.

O Museo Mares ten vocación didáctica e conta con actividades deseñadas especificamente para diferentes grupos e idades. Desde facer nós mariñeiros ata interpretar unha carta náutica, as persoas que levan as visitas están sempre ideando novos obradoiros co afán de que a cativada se divirta e aprenda. Son moitos os colexios que aproveitan o desprazamento ata a localidade para visitar tamén, despois do museo, a lonxa da Confraría de Pescadores e a base da

Cruz Vermella. Ámbalas dúas están moi preto, de maneira que os grupos ocupan toda a mañá, e está comprobado que a cativada fica encantada coa experiencia.

O Museo Mares constrúese coas achegas das xentes do mar da localidade. Entre as doazóns destaca a colección de malacoloxía de Manuel Suárez, con máis de 5.000 cunchas.



Poñer o chaleco salvavidas, ver como descarga un dos grandes barcos pesqueiros ou comprobar da man dun mariñeiro ou unha mariñeira cales son as especies que máis se traballan, como pasan pola depuradora... é unha visita que non defrauda. Vides a bordo?

Cabo Ortegal
XEOPARQUE





Gabeando nas árbores e nos acantilados da Capelada CEDEIRA



É doado imaxinar, nunha imaxe aérea da Capelada, o choque de placas tectónicas que hai milleiros de anos ergueu aquí a cordilleira máis alta do planeta, máis que o actual Himalaya. Esta serra, corazón do Xeparque Cabo Ortegal, ten os cantís máis elevados do continente e bríndanos un territorio con excepcionais condicións para a aventura.

“Na busca do Sanandresiño” é unha proposta artellada desde o Concello de Cedeira para grupos escolares de todas as idades, desde os máis pequenos de Infantil. É unha actividade bonificada que se desenvolve no parque de aventura do Campo da Armada, preparado con pontes colgantes, cordas tirolesas e outros elementos para gabear polas árbores, correr e superar diferentes probas. A excursión é moito máis que xogo físico, tamén hai que empregar o compás e descubrir algúns dos segredos e lendas deste territorio.

Para os máis intrépidos está a vía ferrata Senda do Santo. Cómpre ter un mínimo de forma física e convén non sufrir vertixe para realizar este percorrido, aínda que é apto para persoas sen experiencia en escalada. O itinerario avanza por paredes verticais e horizontais e está habilitado con

grampas, cables, escaleiras... é un percorrido espectacular que fan ao longo do ano milleiros de persoas. Segundo o regulamento de uso do Concello, as persoas que realicen a Senda do Santo teñen que contratar un seguro ou estar federadas. O máis sinxelo é concertar a visita con algunha das empresas de ocio activo da zona.

Sabías que na Capelada se celebra cada ano a Rapa das Bestas? Poderedes ver aos cabalos soltos pola serra, pero hai un día ao ano no que toca cortarlles as crinas e desparasitalos!



É máis que recomendable rematar a aventura pola serra da Capelada cunha parada no núcleo de San André de Teixido, o lugar ao que vai de morto o que non o fixo de vivo, ou ben programar unha ruta de sendeirismo para chegar a este lugar máxico.



- **Contactar co Concello de Cedeira para programar a actividade “Na busca do Sanandresiño”, enviando un correo a noel.lopez@cedeira.gal**
A actividade desenvólvese con monitores especializados.
- **Vía ferrata: turismo.cedeira.gal/sendado-santo**
- **Santo André de Teixido: caminosasanandresdeteixido.gal**
www.eufundevivo.com

Ferrol 46 km
A Coruña 92 km
Viveiro 66 km
Santiago 135 Km

Oficina de Turismo:
Palacete Municipal,
Avenida de Castelao s/n
turismo.cedeira.gal





Descubriendo a pegada dos nosos antergos

CEDEIRA



- Información sobre o castro: castrosarridal.es
- Consultar coa Oficina de Turismo a dispoñibilidade de horarios e visitas guiadas ao Castelo da Concepción: 981 482 187.
- O máis doado é aparcar o autobús no porto, preto da lonxa, e ascender ao alto da península do Sarridal polas escaleiras que arrancan desde alí.

Ferrol 38 km
A Coruña 83 km
Viveiro 64 km
Santiago 127 km

Como viviron os nosos antergos? O xacemento arqueolóxico de Sarridal, en Cedeira, é un excelente destino para pescudar como era a vida dos castrexos. Desde o ano 2015 sucédense campañas de escavación e consolidación dos restos, que desde o primeiro momento confirmáronse como moi importantes polo achado dun monumento con forno, o modelo de sauna que se estilaba na Idade de Ferro.



Cómpre asomarse ao miradoiro de Punta Sarridal, no que coa axuda dun panel podemos situar as puntas Robaleira e Chirlateira, no horizonte, así como o monte Eumeira e a praia de Vilarrube.

Pode que o momento máis axeitado para organizar a visita dun grupo escolar ao castro de Sarridal sexa ao comezo de curso ou ao final, arredor de maio, cando adoitan desenvolverse os traballos e o equipo de arqueoloxía está ao pé de obra para explicar os restos. Porén, hai un panel

informativo que axuda a interpretalos e unha web con datos e imaxes que será útil para preparar a excursión.

O castro é un dos elementos de interese que podemos coñecer nunha visita á península de Sarridal. A particularidade deste enclave é que en pouco espazo están os interesantes vestixios da poboación castrexa e tamén o castelo da Concepción, o fortín construído a mediados do século XVIII para defender á localidade dos ataques piratas, que na actualidade acolle un centro de interpretación sobre o xacemento próximo e tamén unha mostra adicada á historia local.

Moi preto, percorrendo a liña de costa da pequena península, poderemos asomarnos ás antigas cetarias, rehabilitadas hai poucos anos, nas que se gardaban nos anos 50 o pescado e o marisco vivo para logo vendelo. As vellas estruturas están xunto á praia das Sonreiras, unha xoia escondida á que só se pode acceder desde terra por unhas escaleiras de madeira non aptas para quen teña vertixe.



TELÉFONOS DE INTERESE:

Concello de Ferrol:	981 944 000	Centro de saúde de Fene:	981 341 429
Oficina de turismo de Ferrol (Pza. de España):	981 944 251	Concello de As Pontes:	981 453 116
Oficina de turismo de Ferrol (Via Compostellam): ..	981 944 252	Oficina de turismo de As Pontes:	981 453 116
Centro de saúde Fontenla Maristany (Ferrol):	981 336 633	Centro de saúde de As Pontes:	981 334 699
Museo Naval:	981 336 027	Concello de Monfero:	981 793 885
Fundación Exponav (Museo da Construción Naval):	981 359 682	Centro de Saúde de Monfero:	981 793 832
Proxecto Esmelle:	629 368 114	Concello de San Sadurniño:	981 490 027
Concello de Narón:	981 337 700	Centro de saúde de San Sadurniño:	981 495 295
Oficina de turismo de Narón:	981 337 700 (Ext. 2301)	Concello de Moeche:	981 404 006
Centro de saúde de Narón:	981 383 791	Centro de saúde de Moeche:	981 404 400
Concello de Neda:	981 380 039	Concello de Cedeira:	981 480 000
Oficina de turismo de Neda:	981 390 249	Oficina de turismo de Cedeira:	981 482 187
Centro de saúde de Neda:	981 380 297	Centro de saúde de Cedeira:	981 492 274
Concello de Fene:	981 492 707	Deputación da Coruña:	981 080 300
Oficina de turismo de Fene:	981 344 082		

AGRADECEMOS A COLABORACIÓN DE:



